



Apreciadas familias de 1º de ESO:

Ante todo queremos darvos a benvinda a nosa comunidade educativa e destacar que cada ano agardamos con ilusión a incorporación ás aulas do alumnado de primeiro, porque comezan unha nova etapa e teñen por diante varios cursos para estar con nós.

Cañecedores de que este curso vai ser nalgúns aspectos excepcional, a nosa intención é garantir a máxima protección do alumnado, para iso adoptaremos una serie de medidas **específicas** no que atangue á organización do grupo de 1º da ESO, baseándonos nas instrucións da Consellería de Educación.

Como docentes somos conscientes de que os vosos fillas e fillas non tiveron a oportunidade de celebrar o fin de etapa na Ensinanza Primaria para pechar o círculo, por iso a nosa intención é proporcionarlles o soporte emocional e o acollemento que merecen para iniciar este novo ciclo da súa formación.

Coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a Educación Primaria e o 1º Curso de Secundaria e tendo en conta o protocolo Covid 19, adóptanse as seguintes decisións:

1. Adxudicámoslles **unha aula ampla** co fin de incrementar a distancia de seguridade entre o alumnado e gañar en confort. Para iso reconvertemos a aula de música, con capacidade para 40 pupitres, na aula do grupo, que en principio conta con 21 alumnos/as matriculados/as.
2. Assignase ao grupo un docente titor/a que imparte as materias de lingua galega, reforzo das linguas, valores éticos e exención de francés, propiciando así a creación dun **grupo de convivencia estable** ao minimizar o contacto con moitos profesores/as e reducir a mobilidade entre espazos.
3. As materias de libre configuración unificanse no **Reforzo das linguas**, deste xeito ofréceselle ao alumnado do grupo a posibilidade de afianzar os contidos básicos que non se puideron impartir coa profundidade necesaria no curso anterior, ademais de reducir a mobilidade entre espazos.
4. Dentro do programa de acollida do noso centro estamos a traballar especificamente en coordinación co departamento de orientación e titorías no deseño de **actividades grupais de acollemento e cohesión**, que favorezan a inclusión do alumnado de nova incorporación tanto a nivel de aula como de centro, atendendo aos aspectos emocionais e sociais.

Con este conxunto de medidas a nosa intención é proporcionar aos vosos fillos e fillas un entorno de seguridade e confianza para que continúen os seus estudos nas mellores condicións

Para outras instrucións xerais relativas ao Covid 19 e cuestións de organización, remitímosvos á outra carta dirixida a todas as familias do centro que recibiredes con esta.

**Moito ánimo da nosa parte para empezar esta nova singradura e un agarimoso saúdo!**

**O EQUIPO DIRECTIVO**